Elementos das bases de datos relacionais. Creación de bases de datos ofimáticas. - Desprazarase polos distintos elementos dunha base de datos. Crear bases de datos.	<ul style="list-style-type: none"> • Coa axuda do proxector, explicación sobre o contorno de traballo en Access e como moverse polos distintos obxectos dun arquivo de base de datos. Creación dunha base de datos e os distintos elementos de que se compón. Introducción de rexistros nas táboas, modificación, eliminación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento das explicacións da profesora. Realización das actividades propostas sobre creación de arquivos de BD e os seus elementos. Introducción de datos, modificación, eliminación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Creación de arquivos de BD. Creación de táboas, introdución de rexistros nas táboas, modificación, eliminación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxector, ordenador, programa de Base de datos Access, apuntamentos actividades propostas pola docente 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 • PE.2 • TO.1 	10,0
Uso de asistentes na creación de táboas, consultas, formularios e informes. - Creación e deseño das táboas dunha base de datos, tendo en conta o tipo de datos e introducindo unha descrición que facilite a entrada de rexistros. Consultas, formularios, informes.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación do usos dos asistentes para crear táboas, consultas, formularios e informes. Proposta de actividades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de casos prácticos e outras actividades sobre os contidos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Realización de táboas, consultas, formularios e informes coa axuda dos asistentes. 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxector, ordenador, programa de Base de datos Access, apuntamentos actividades propostas pola docente 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 • PE.3 	30,0
Procura e filtrado da información. Creación de macros. - Busca e filtrado da información das táboas.	<ul style="list-style-type: none"> • Explicación sobre procura e filtrado nunha base de datos, e sobre creación de macros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Seguimento da explicación e das actividades propostas desde o proxector e outras sobre filtrado e procura de información e creación de macros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Atopar información nunha da base de datos, filtrar. Creación de macros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Proxector, ordenador, programa de Base de datos Access, apuntamentos actividades propostas pola docente 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 • PE.5 	10,0
TOTAL						50,0

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Presentacións multimedia	15

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora presentacións multimedia utilizando aplicacións específicas.	SI

4.7.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Crear e visualizar presentacións.	1	Creación de presentacións. Visualización.	3,0
2.1 Manexar patróns de presentacións e asistentes.	2	Uso de patróns e asistentes. Patrón de diapositivas.	3,0
3.1 Crear macros nas presentacións.	3	Deseño e creación de macros. Interactividade nas presentacións.	5,0
4.1 Elaborar e defender unha presentación ao público.	4	Presentacións dinámicas	4,0
TOTAL			15

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.1 Identifícanse as opcións básicas das aplicacións de presentacións.	• TO.1	S	5
CA2.2 Recoñécense os tipos de vista asociados a unha presentación.	• TO.2	S	15
CA2.3 Aplicáronse e recoñécense a tipografía e as normas básicas de composición, deseño e uso da cor.	• PE.1	S	10
CA2.4 Deseñáronse patróns de presentacións.	• PE.2	S	10

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.5 Creáronse presentacións.	• PE.3	S	40
CA2.6 Importáronse e exportáronse presentacións.	• TO.3	S	5
CA2.7 Deseñáronse e creáronse macros.	• TO.4	N	5
CA2.8 Utilizáronse periféricos para executar presentacións.	• TO.5	S	5
CA2.9 Aplicáronse métodos interactivos nas presentacións.	• TO.6	S	5
TOTAL			100

4.7.e) Contidos

Contidos
Utilidades dos programas de presentación. Modos de visualización dunha presentación. Recoñecemento de tipografías e normas básicas de composición, deseño e uso da cor. Uso de patróns e asistentes. Patróns de diapositivas. Deseño e edición de diapositivas: Formatación de diapositivas, textos e obxectos. Aplicación de efectos de animación e efectos de transición. Aplicación de son e vídeo. Importación e exportación de presentacións. Deseño e creación de macros. Presentación para o público: conexión a un proxector e configuración. Interactividade nas presentacións.

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**
4.7.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Creación de presentacións. Visualización. - Utilidade das presentacións. Creación.	<ul style="list-style-type: none"> Introdución aos programas de presentación, modos de visualización, normas básicas de composición, deseño e uso da cor, recoñecemento de tipografías. Creación de diapositivas, efectos de animación e transición, son e vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades e casos prácticos de creación de diapositivas con efectos de animación e transición, e inclusión de son e vídeo. Visualización da presentación. 	<ul style="list-style-type: none"> Creación e visualización de arquivos de presentación que inclúan distintas tipografías, son, vídeo, cor, efectos de animación e transición. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector, ordenador, programas de presentacións, apuntamentos, actividades propostas pola docente. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.3 TO.1 TO.2 	3,0
Uso de patróns e asistentes. Patrón de diapositivas. - Asistentes e patróns.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do uso de patróns e asistentes; patrón de diapositivas. 	<ul style="list-style-type: none"> Realización de actividades con patróns e asistentes. Patrón de diapositivas. 	<ul style="list-style-type: none"> Arquivos de presentación usando patróns e asistentes; patrón de diapositivas. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector, ordenador, programas de presentacións, apuntamentos, actividades propostas pola docente. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 	3,0
Deseño e creación de macros. Interactividade nas presentacións. - Diseñar macros para presentacións. Crear presentacións interactivas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre creación de macros, importación e exportación de presentación e interactividade. 	<ul style="list-style-type: none"> Crear macros, importar e exportar presentacións, interactividade nas diapositivas. 	<ul style="list-style-type: none"> Crear diapositivas con macros; interactividade nas presentacións. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector, ordenador, programas de presentacións, apuntamentos, actividades propostas pola docente. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.3 TO.4 TO.6 	5,0
Presentacións dinámicas - Conexión a un proxector e configuración para facer a presentación ao público.	<ul style="list-style-type: none"> Conectar proxector para presentar para o público. 	<ul style="list-style-type: none"> Crear unha presentación para o público. 	<ul style="list-style-type: none"> Facer a presentación cara o público. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector, ordenador, programas de presentacións, apuntamentos, actividades propostas pola docente. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 	4,0
TOTAL						15,0

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Xestión de internet e aplicación de medidas de seguridade	10



4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona a rede internet, manexando diferentes navegadores.	SI

4.8.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Personalizar a navegación. Procurar aplicacións.	1	Internet. Navegadores, busca de aplicacións para a empresa.	5,0
2.1 Adoptar medidas de seguridade na empresa.	2	Medidas de seguridade. Riscos. Tornalumes. Medidas preventivas.	5,0
TOTAL			10

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identifícanse os aspectos básicos de internet.	• PE.1	S	25
CA3.2 Utilizáronse ferramentas de navegación.	• PE.2	S	25
CA3.3 Identifícanse diversas aplicacións de internet para a empresa.	• PE.3	S	25
CA3.4 Aplicáronse as medidas de seguridade necesarias.	• PE.4	S	25
TOTAL			100

4.8.e) Contidos

Contidos
Xestión de internet: Conceptos básicos de internet. Navegadores. Identificación de diversas aplicacións de internet para a empresa: melloras nos procesos de negocios; xestión de provedores e clientes; edición electrónica; venda polo miúdo, etc.
Aplicación das medidas de seguridade necesarias: Riscos. Medidas preventivas. Tornalumes. Seguridade na web. Política corporativa de seguridade en internet.

4.8.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Internet. Navegadores, busca de aplicacións para a empresa. - Configuración de distintos navegadores. Procura de aplicacións.	<ul style="list-style-type: none"> Exposición sobre conceptos básicos de Internet e navegadores. Busca de aplicacións para a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Navegar pola rede con distintos navegadores e configuración dos mesmos. Procura de aplicacións útiles para a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Cofiecer os distintos navegadores, atopar aplicacións útiles para a empresa. 	<ul style="list-style-type: none"> Proxector, ordenador, programa de presentacións, apuntamentos, Internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 	5,0
Medidas de seguridade. Riscos. Tornalumes. Medidas preventivas. - Adopción de medidas de seguridade en Internet.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación da importancia das medidas de seguridade en internet. Visita de páxinas web sobre o tema. 	<ul style="list-style-type: none"> Autoaprendizaxe sobre medidas de seguridade na Web, riscos, tornalumes e medidas preventivas. Política corporativa de seguridade en internet. 	<ul style="list-style-type: none"> Moverse na rede de forma segura. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet, ordenador, navegadores, libro de texto, pizarra, vídeos e páxinas web relacionados co tema. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 	5,0
TOTAL						10,0

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Correo electrónico e agenda electrónica	10

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona o correo e a agenda electrónica manexando aplicacións específicas.	SI

4.9.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Xestionar o correo electrónico e a axenda	1	O correo electrónico e a axenda.	5,0
2.1 Xestionar con seguridade o correo na empresa.	2	Seguridade na xestión do correo. Sincronización con dispositivos móbiles.	5,0
TOTAL			10

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse diversos tipos de contas de correo electrónico.	• TO.1	S	5
CA4.2 Descríbonse os elementos dun correo electrónico.	• TO.2	S	5
CA4.3 Analízanse as necesidades básicas de xestión do correo e da axenda electrónica.	• TO.3	N	10
CA4.4 Configúranse contas de correo electrónico de diversos tipos.	• TO.4	S	10
CA4.5 Conectáronse e sincronizáronse axendas do equipamento informático con dispositivos móbiles.	• TO.5	S	10
CA4.6 Operouse co caderno de enderezos.	• TO.6	S	10
CA4.7 Traballouse con todas as opcións de xestión de correo electrónico (etiquetas, filtros, cartafoles, etc.).	• TO.7	S	15
CA4.8 Identifícanse diversos métodos de sinaturas corporativas.	• TO.8	S	10
CA4.9 Subscribiuse a grupos de noticias relacionados coa economía e administración.	• TO.9	N	5
CA4.10 Utilizáronse opcións de axenda electrónica.	• TO.10	S	10
CA4.11 Utilizáronse manuais de asistencia ao usuario.	• TO.11	N	10

TOTAL

100

4.9.e) Contidos

Contidos

Tipos de contas de correo electrónico.

Xestión de datos e seguridade das aplicacións da axenda electrónica.

Técnicas de asistencia ao usuario.

Contorno de traballo: configuración e personalización dun correo electrónico.

Xestión do correo (enviar, borrar, gardar, facer copias de seguridade, etc.) e da axenda (citas, calendario, avisos, tarefas, etc.).

Configuración de contas de correo electrónico.

Patróns e sinaturas corporativas.

Foros de novas (news): configuración, uso e sincronización de mensaxes.

Caderno de enderezos: importar, exportar, engadir contactos, crear listaxes de distribución e pór a lista ao dispor doutras aplicacións ofimáticas.

Seguridade na xestión do correo: etiquetaxe, filtros, cartafoles, etc.

Sincronización con dispositivos móbiles.

4.9.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O correo electrónico e a axenda. - Correo electrónico: enviar, borrar, gardar, facer copias de seguridade. Axenda: Citas, calendario, avisos, tarefas.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación sobre creación dunha conta de correo electrónico, envío de correo, recepción, xuntar arquivos. Uso da axenda. 	<ul style="list-style-type: none"> Creación da súa conta de correo, envío de correo CCO, envío de arquivos, recepción de correos con arquivos xuntos. Uso da axenda electrónica. 	<ul style="list-style-type: none"> Envío de correo con CCO, envío de arquivos por correo, recepción de arquivos, uso da axenda. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet, ordenador, navegadores, apuntamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.1 TO.2 TO.3 TO.4 TO.6 TO.9 	5,0
Seguridade na xestión do correo. Sincronización con dispositivos móbiles. - Seguridade: etiquetaxe, filtros, cartafoles. Sincronización con móbiles.	<ul style="list-style-type: none"> Explicación do tema: patróns e sinaturas corporativas, seguridade na xestión do correo, sincronización con dispositivos móbiles. Seguridade e xestión de datos nas aplicacións de axenda electrónica. 	<ul style="list-style-type: none"> Creación de patróns e sinaturas para o correo; sincronización con dispositivos móbiles. Xestión da axenda, seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> Envío de correo usando patróns, sincronización con dispositivos móbiles. 	<ul style="list-style-type: none"> Internet, ordenador, navegadores, apuntamentos. 	<ul style="list-style-type: none"> TO.5 TO.7 TO.8 TO.10 TO.11 	5,0
TOTAL						10,0

4.10.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
10	Integración de imaxes dixitais e secuencias de vídeo en documentos	10

4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Integra imaxes dixitais e secuencias de vídeo en documentos da empresa, utilizando aplicacións tipo e periféricos.	SI

4.10.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Crear imaxes, obter imaxes mediante dispositivos, modificalas.	1	Imaxes: Elaboración, obtención mediante dispositivos, modificación.	5,0
2.1 Crear vídeos e audios para integrar en documentos da empresa.	2	Capturas de vídeo e audio. Manipulación de vídeos. Formatos. Códecs.	5,0
TOTAL			10

4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Analizáronse os formatos de imaxes.	• PE.1	S	10
CA1.2 Realizouse a adquisición de imaxes con periféricos.	• TO.1	N	10
CA1.3 Traballouse con imaxes a diferentes resolucións, segundo a súa finalidade.	• PE.2	S	10
CA1.4 Importáronse e exportáronse imaxes en diversos formatos.	• PE.3	S	10
CA1.5 Analizáronse os tipos de formatos e códecs máis empregados.	• PE.4	N	10
CA1.6 Importáronse e exportáronse secuencias de vídeo e audio.	• TO.2	S	10
CA1.7 Capturáronse secuencias de vídeo cos recursos adecuados.	• TO.3	S	10
CA1.8 Recoñecéronse os elementos dunha secuencia de vídeo.	• TO.4	N	10
CA1.9 Elaboráronse guías básicas de tratamento de imaxes e vídeo.	• TO.5	N	10

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.10 Investíganse novas ferramentas e opcións de programas audiovisuais.	<ul style="list-style-type: none"> TO.6 	N	10
TOTAL			100

4.10.e) Contidos

Contidos
Elaboración de imaxes. Formatos, tipos e resolución. Uso de dispositivos para obter imaxes. Modificación dunha imaxe: Importación e exportación de imaxes. Uso de guías no tratamento de imaxes.
Manipulación de vídeos. Formatos de vídeo. Códecs. Importación e exportación de vídeos. Capturas de vídeo e audio. Secuencias de vídeo: Uso de guías no tratamento de vídeos. Investigación de novas ferramentas audiovisuais.

4.10.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Imaxes: Elaboración, obtención mediante dispositivos, modificación. - Tratamento de imaxes, elaboración. Integración en documentos da empresa.	<ul style="list-style-type: none"> Adquisición de imaxes con escáner, descarga de internet respetando as licencias. Análise de distintos formatos 	<ul style="list-style-type: none"> Escanear e descargar imaxes. Distintos formatos, distintas resolucións. Importación e exportación de imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> Obter imaxes dixitalizadas e de outros medios. Traballar con distintos formatos e resolucións. Importar e exportar imaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> Escáner ou multifunción, software para adquirir as imaxes, ordenador, proxeccion, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 PE.2 PE.3 TO.1 	5,0
Capturas de vídeo e audio. Manipulación de vídeos. Formatos. Códecs. - Traballo con vídeo e audio para integrar en documentos.	<ul style="list-style-type: none"> Conceptos básicos de vídeo dixital. Formatos e códecs máis empregados. Fotogramas. Creación e configuración dun proxecto. Importar arquivos ó proxecto. Engadir e editar un arquivo 	<ul style="list-style-type: none"> Actividades de introducción ó vídeo. Importar fotos e audios. Fotogramas. Editar arquivo de son. 	<ul style="list-style-type: none"> Edición dun vídeo. 	<ul style="list-style-type: none"> Software de edición de vídeo, ordenador, proxeccion, apuntamentos, internet. 	<ul style="list-style-type: none"> PE.4 TO.2 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	de son. Exportar a película.				<ul style="list-style-type: none"> • TO.3 • TO.4 • TO.5 • TO.6 	
TOTAL						10,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles para acadar a avaliación positiva son os recollidos en cada unha das UD's.

Tal e como recolle o Real decreto 1147/2011, do 29 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo, cada módulo profesional poderá ser obxecto de avaliación en catro convocatorias e a avaliación realizarase tomando como referencia os obxectivos, expresados en resultados de aprendizaxe, e os criterios de avaliación de cada un dos módulos profesionais, así como os obxectivos xerais do ciclo formativo.

Desta forma o sistema de avaliación que se adoptará será o seguinte:

- Av. inicial: ao inicio do curso, a modo de "diagnóstico de necesidades".
- Av. formativa: ao longo de todo o proceso de aprendizaxe. Tómase coma referencia o remate de cada unidade (non sendo obrigatoria esta opción), para ir detectando posibles carencias e administrando medidas correctoras inmediatas, no seu caso.
- Av. final: na que se avaliarán todos os contidos tratados ao longo do curso.

Con estas avaliacións buscarase ter un carácter orientador, informando ao alumnado do grado de evolución en función dos obxectivos e a forma de conseguilos; ademais de ter un carácter individualiza que permita axustarse as características persoais do alumnado.

Os criterios xerais que seguirán para tal fin son os seguintes:

- 20% Traballos e actividades

- 80% Probas escritas ou específicas de avaliación, correspondendo un 20% da mesma á UD1 de Operatoria de teclados que se desenvolverá ao longo do curso. De tal forma, que é preciso acadar un mínimo de 4 tanto na UD1 como na UD a examinar a través de proba específica para que faga media.

A cualificación de cada actividade será numérica, entre 0 e 10. A cualificación de cada apartado será a media aritmética de todas as actividades formuladas. A cualificación do módulo será numérica, entre 0 e 10, calculada como a media ponderada coa porcentaxe asignada a cada un dos apartados, debendo acadar un mínimo dun 4 en cada unha das partes, para que compute na nota final. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco puntos. Cada un dos apartados sinalados puntúa sobre 10. A determinación e/ou redondeo da nota final en caso de haber decimais, farase en base a valoración que se faga da actitude, comportamento e interese do alumnado.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que non supere os obxectivos e contidos mínimos, serán informados dos erros cometidos e sometidos a un plan de recuperación co apoio e a orientación do docente. Despois faráselle unha proba semellante á realizada na avaliación xeral de todos o alumnado, valorando o esforzo realizado e a actitude amosada durante o curso.

Recuperación Ordinaria: as probas de recuperación levaranse a cabo con aquel alumnado que non acadara os mínimos de avaliación esixidos. Esta recuperación farase por medio de probas escritas, informáticas e/ou a presentación de traballos sobre os contidos da materia. Cando se estime oportuno fixarase unha proba de recuperación por cada trimestre. Ademais disto, o alumnado que teña o módulo pendente terán dereito a unha proba de recuperación final que se celebrará no mes de xuño e serán avaliados coincidindo coa avaliación final de módulos. En calquera caso, ao longo do trimestre daráselle a oportunidade ao alumnado de facer exercicios ou actividades de reforzo para evitar chegar a situación de recuperación. Esta proba considerárase superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

Avaliación ordinaria non continua: o alumnado que perda o dereito á avaliación continua poderá asistir ás clases aínda que non poderá presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación. Este alumnado terá dereito a presentarse a unha proba final que se realizará no mes de xuño, antes da data de avaliación final dos módulos de primeiro. Estes alumnos serán avaliados de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerárase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

Avaliación de alumnado pendentes: (alumnado de ciclos formativos matriculados en 2º curso e que promocionaron con módulos pendentes de 1º). O alumnado de segundo curso que teña pendente este módulo profesional, deberá levar a cabo as actividades de recuperación previamente establecidas e serán avaliados conforme o disposto na ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial. En base a isto, establécese que no suposto de que se pase de curso con módulos pendentes, o alumnado deberá ser informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que coincidirá coa sesión de avaliación parcial prevista no artigo 31.3 de dita orde, que indica que deberá ser na sesión de avaliación parcial previa á realización da FCT en período ordinario.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O dereito de avaliación continua require a asistencia regular do alumnado ás clases e resto de actividades lectivas programadas, e pérdese ao acumular un 10% de faltas (non xustificadas) da duración do módulo profesional: 10% de 319 sesións = 32 faltas.

Avaliación ordinaria non continua: o alumnado que perda o dereito á avaliación continua poderá asistir ás clases aínda que non poderá presentarse ás probas escritas que se convoquen regularmente en cada avaliación. Este alumnado terá dereito a presentarse a unha proba final que se realizará no mes de xuño no caso do alumnado de 1º, antes da avaliación final de módulos de 1º curso. Este alumnado será avaliado de tódolos contidos impartidos ao longo do curso. A avaliación do módulo considerárase superada cando o alumno obteña unha cualificación igual ou superior a 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

No referente ao proceso de seguimento da programación, levarase a cabo a revisión, avaliación e modificación de ser preciso da programación, tendo en conta aspectos tales como a temporalización establecida, a adecuación do sistema de avaliación elixido, etc. A avaliación da programación realizarase ao longo do curso con carácter trimestral, onde se terán en conta ademais, as reunións mensuais do departamento. As conclusións extraídas nestas avaliacións, serán incluídas na Memoria que se realizará ao final do curso, co obxectivo de que sirvan de axuda de cara a programación do vindeiro curso.

No referente ao profesorado, farase unha autoavaliación ao final de cada trimestre, para o que se empregará unha escala de avaliación. Dita ferramenta poderá combinarse cun cuestionario, ben escrito, ben oral; que se pasará ao alumnado ao finalizar o curso e unha vez asignadas as cualificacións finais, e que servirá para coñecer a opinión dos estudantes con respecto ao docente, ao sistema educativo seguido e aos materiais/recursos empregados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Na xornada de acoillida a efectuar o primeiro día de clase, realizarase un diagnóstico das necesidades no que o alumnado deixa constancia do dominio profesional acerca da materia de referencia. A súa finalidade é poder establecer un marco de referencia que abarque á maioría, ou poder, no seu caso, efectuar unha atención máis personalizada.

A través da avaliación inicial procuraranse detectar os problemas de aprendizaxe concretos que presenta o alumnado. Unha vez detectadas posibles necesidades de apoio educativo, poranse en marcha medidas ordinarias ou extraordinarias de atención á diversidade, según proceda en cada caso concreto, asesorados polo Departamento de Orientación. As conclusións recollidas servirán de referencia para as actividades de aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O obxecto básico da calidade do ensino está en relación coa igualdade de oportunidades. Tal que, unha educación de calidade para todos implica priorizar as situacións de desvantaxe por razóns persoais, sociais ou culturais por parte da Administración da sociedade en xeral. A función prioritaria da educación é promover o desenvolvemento e a madureza persoal de todo o alumnado, e para iso hai que responder á diversidade elaborando unha programación que permita individualizar o ensino, é dicir, dar resposta á diversidade. Desta forma e para garantir os principios de normalización e inclusión na aula desenvolveranse unhas medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados. Así, ao alumnado con dificultades no ritmo de aprendizaxe ou altas capacidades, seráselle entregado material de reforzo que lle permita seguir o ritmo normal da aula, ou que o acerque a el. Da mesma maneira, os alumnos con altas capacidades contarán con material e actividades

máis complexas que permitan despertar o seu interese sen caer no aburrimiento ou en distraccións.

De atoparnos con alumnado con TDAH na aula, será preciso realizar unha modificación na metodoloxía empregada; desta forma o material entregado será adaptado a este grupo con instrucións máis claras e precisas. Así mesmo, plantexarase a posibilidade de realizar os exames en varias sesións entendendo que o seu ritmo de atención non é o mesmo que o resto do alumnado. Así mesmo, de atoparnos na avaliación inicial ou ao longo do transcurso do curso algún estudante con necesidades específicas ou detectar ou sospeitar de algún posible problema, será posto en coñecemento do Departamento de información e orientación profesional para conxuntamente tomar as medidas necesarias.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tal e como recolle a LOE/LOMCE entre os seus fins, estará o de educar "no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade", para o que se buscará a eliminación de comportamentos discriminatorios dentro e fóra da aula e se traballará para unha facilitación do entorno educativo ás persoas que poidan sufrir algunha discapacidade: reubicación na aula, dotación de material específico (textos en braille, materiais adaptados para as persoas con discapacidade auditiva, etc.), ...

Coas actividades desenvolvidas ao longo do curso, buscarase o fomento dos hábitos de comportamento democrático, o fomento de valores cívicos e morais. A formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a tolerancia, a cooperación e solidariedade será traballada a través de ferramentas tales como os debates ou os traballos grupais. Así mesmo, fomentarse a educación para saúde, procurando unha postura corporal correcto ante o uso do ordenador, fomentando uns hábitos de saúde adecuados, correcta alimentación, prevención de accidentes, etc.

Outro dos aspectos que se terán en conta será o fomento da educación ambiental, promovendo hábitos que sensibilicen ante os problemas do medio ambiente, e interese e preocupación pola súa protección, conservación e mellora, así como dun uso responsable das TIC's.

E dado o ámbito que nos atén, dende a aula fomentarse a educación do consumidor, promovendo esquemas de decisión que consideran tódalas alternativas, desenvolver un coñecemento dos mecanismos do mercado e dereitos do consumidor, e crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

Así mesmo, procurarase a erradicación de comportamentos ou linguaxe sexista e o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios por parte do alumnado. Ao mesmo tempo, no material empregado na aula presentarase información sobre mulleres relevantes e precursoras no mundo da informática e, por tanto, da ofimática, tales como, Ada Lovelace, Joan Clarke ou Hedy Lemarr; contribuíndo así ao seu recoñecemento e dando visibilidade ás mulleres que traballan neste ámbito.

Este curso ademais, participarase, xunto con demais membros do centro, no proxecto Nutriescolas 2; de tal xeito que a través do emprego de ferramentas ofimáticas se fará fincapé nun bo hábito alimenticio, o exceso no consumo de azucres, a importancia do etiquetado dos alimentos, etc.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso propoñeranse actividades complementarias e/ou extraescolares que fomenten e reforcen a aprendizaxe do alumnado. Acordaranse nas reunións do departamento as actividades nas que participará o alumnado do ciclo, de xeito que se vexan na práctica contidos de varios módulos e temas transversais. Entre as diferentes actividades propostas, atópanse: visitas a empresas (tales coma a sede central de Pull & Bear ou Inditex, Casa Grande de Xanceda, etc), desenvolvemento de charlas ou obradoiros no centro, visita ao Parlamento de Galicia, visitas a feiras e exposicións do ámbito administrativo, etc.

10.Outros apartados

10.1) Docencia non presencial

Este módulo impartirase íntegramene de forma presencial. Se a ensinanza se tivese que impartir de modo telemático por calquera circunstancia concreta, os mínimos esixibles serán os mesmos en función do peso específico dos R.A. que figuran nesta programación para a ensinanza presencial e utilizaranse medios telemáticos para impartilos (aula virtual, ferramentas de comunicación tales como Webex, etc). O procedemento para avaliar será tamén o mesmo que presencialmente como se indica no apartado 5 desta programación: probas escritas utilizando os medios telemáticos máis convenientes. No caso de entrega de traballos e exercicios prácticos, estes deberán de ser entregados na data establecida pola docente e deberán de ter unha boa presentación. Sempre que sexa posible as probas, exames,, serán preferentemente presenciais.